

INTRODUCCIÓN

Este libro inicia a exploración na vida dunha escritora que decidiu baixar da torre onde, case sen querer, se situán os artistas e escritores do seu tempo. A torre necesaria para ter esa vista excelente e amplísima que permite observar o que sucede nun punto e comparalo con outro lugar onde iso xa pasou e está superado, que fai posible ter unha visión de conxunto e analizar con distanciamento as causas dos fenómenos, mais que ao mesmo tempo illa e preserva nunha posición que permite observar cos pés enxoiados. Rosalía de Castro é unha muller que escribe a pé de rúa, sabe ben que alguén observa desde a torre e tamén sabe que a visión que dá desde alí está a unha gran distancia do que ela vive e observa, porque ela sente a humidade e o frío mentres escribe tremendo, experimenta a dor das frieiras que desde lonxe só se detectan como manchas estrañas no que pasa pola rúa, queixándose, e sente o frío das lousas molladas, e o peso da sombra que proxecta a torre impedindo a entrada do sol nas calellas estreitas. Ela ten a experiencia do labirinto, do muro que pecha as saídas e da luz que aparece de repente nunha revolta; sabe da dureza e a friaxe da pedra onde se esvara coa xeadada nocturna e do intenso consolo que trae o sol da mañá. Viaxando pola vida de Rosalía entramos nun mundo de grandes ilusións e decepcións, de proxectos ousados e amargas

derrotas, en que só poderemos transitar con mochila de supervivencia e espírito de aventura. O resto da equipaxe, se a houber, pode converterse en *impedimenta*. A viaxe discorre por carreiros empedrados, corredoiras e novas vías acabadas de construír, mais a dirección é certa, cara ao horizonte de metas inalcanzables. Avanzamos aprendendo a ser muller namorada que ten que ocultar o seu embarazo, nai soa que espera para ir ver a súa pequena oculta nunha aldea, muller firme decidida a mirar o mundo coa cabeza alta para educar unha muller nova, nena curiosa que xoga no eixido dunha casa de vila, adolescente inqueda con soños de artista, rapaza atrevida disposta a construír unha vida independente, lectora febril que ferve de ideas revolucionarias, escritora consciente do seu talento disposta a saír á praza pública, nai noviña que intenta recuperar o libre dispor do seu tempo, enferma aflixida pola tiranía dun corpo feble, cidadá adulta que reflexiona sobre a sociedade do seu tempo, que se define e aposta por un proxecto de cambio social, muller vital que goza da beleza e cre na vida, idealista en loita abatida pola forza duns poderes fácticos asoballantes, ser humano en soidade núa que olla de fronte a morte, muller valente que escribe o que non está permitido, o que ninguén espera, o que poucos entenden... E así moitas personaxes que latexan coas súas paixóns, os seus ideais e os seus medos.

O camiño púidose construír grazas ao extraordinario traballo dos estudosos rosalianos que achegaron todos os datos que aquí se compilan, especialmente os biógrafos de Rosalía que buscaron con paciencia e dedicación interminables a documentación para demostrar cada paso da súa existencia. Só grazas ao rigor e o entusiasmo destes investigadores puideron ser lenta e parcialmente desveladas as cir-

cunstancias vitais dunha escritora que, sen biografía, podía ser inventada.

Débense recoñecer especialmente entre todos eles as significativas achegas no aspecto biográfico de Fermín Bouza Brey, José Caamaño Bournacell, Juan Naya, Ricardo Carballo Calero e Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda. Os materiais relativos a Manuel Murguía son un complemento imprescindible e valiosísimo, especialmente a monumental biografía elaborada por Xosé Ramón Barreiro Fernández, así como a edición dos dous volumes de cartas a Murguía que elaborou o mesmo Barreiro Fernández en colaboración con Xosé Luís Axeitos. A compilación bibliográfica de Aurora López e Andrés Pociña é unha guía cronolóxica dun rigor extraordinario, un galano de pais amorosos, como un aparador xigante que pon orde nos xoguetes esquecidos e os favoritos, os novos e os antigos.

Os estudos centrados na súa obra tamén desvelan inxente información sobre o acontecer político e cultural do seu tempo, as súas lecturas e influencias, os discursos filosóficos, ideolóxicos ou estéticos cos que quixo dialogar, e tantas informacións que nos achegan ao seu pensar e ao seu sentir para que nos poidamos mergullar na lectura das súas creacións con capacidade de percibir máis cabalmente o seu poliédrico significado. De entre todos eles son de especial interese para perfilar unha biografía os traballos de Catherine Davies, Francisco Rodríguez, Kathleen March, Xesús Alonso Montero, Marina Mayoral e María Pilar García Negro. Pero tamén moitos outros que non se citan aquí porque formarían unha lista interminable, aínda que contribúen por veces con datos que esclarecen definitivamente algún aspecto concreto ou fornecen pistas que abren novas posibilidades de interpretación, e aparecen consignados na bibliografía.

Para as citas da obra da autora, e prol de facilitar a súa localización, escolleuse a última edición das súas *Obras completas*, dirixida por Marina Mayoral para a Biblioteca Castro de Turner. Non porque sexa a mellor, porque non se trata dunha edición crítica, habendo en cambio edicións críticas posteriores, e tamén anteriores, das diferentes obras que fixan o texto e as explican moi detalladamente, pero que obrigarían o lector a estar manexando moitos libros diferentes e introducirían aquí unha complexa variedade de referencias bibliográficas.

Rosalía de Castro é unha escritora capaz de transmitir con tal forza a vida latexante a través da súa obra que moitos somos os que, ao traballar para coñecela un pouco mellor, sufrimos todos os síntomas dun namoramento apaixonado, porque canto máis se coñece, máis se descubren novas dimensións e máis medra a percepción da súa xenialidade como artista e da súa integridade como ser humano. Esta entrega inevitable á personaxe, por moito que estea racionalmente fundamentada, hase notar por forza nun relato biográfico que, como todos, é só un dos relatos posibles, dado que o rigor empregado na recompilación dos datos obxectivos non evita que a figura resultante sexa contemplada desde unha perspectiva concreta. Así como dun modelo inmóbil situado no centro do estudo do pintor saen diferentes debuxos segundo onde se sitúe o retratista, e así como sobre os feitos ben coñecidos da nosa propia vida poderíamos cada un de nós construír relatos autobiográficos diferentes na ampla franxa do heroico ao miserable, aqueles que elaboramos biografías somos sempre inevitables vítimas da parcialidade. Se aínda por riba temos que traballar con lagoas e datos parciais, comprenderase que o resultado só pode ser provisional. Quedan moitos

detalles por matizar, e ábrense non poucos interrogantes que precisarán aínda ser investigados, e talvez algúns non terán nunca resposta.

Moito se ten deplorado xa a manipulación que sufriu a figura de Rosalía de Castro ao longo do tempo, mais podemos, e debemos tamén, preguntarnos: puido ser doutro xeito? Podían os homes e as mulleres que se achegaron con admiración á obra e ao ser humano, non estar condicionados pola súa ideoloxía, pola moral imperante, pola propia maneira de cada quen afrontar como persoas os desafíos da vida? Podían evitar transmitir unha imaxe que non sempre respectaba a realidade ou, doutro xeito, podían deixar de crer a imaxe que eles mesmos forxaban? E aínda hoxe, seremos capaces de superar a convicción de que os comportamentos que coinciden cos nosos propios ideais son admirables, ou a tentación de minimizar aquilo que non entendemos ou non nos encaixa con coherencia na imaxe desexada? Seremos quen de evitar os anacronismos nas valoracións? Pois todo tempo ten os seus mitos, entendidos como aquelas crenzas tan enraizadas no noso pensamento que nin nos decatamos de que son tales.

Esta é unha biografía de Rosalía de Castro escrita por alguén que tentou comprendela e imaxinala desde un percorrido vital persoal que, entre outros moitos condicionantes, a situaba nun momento semellante a aquel en que a escritora tivo que enfrontarse á morte. O encontro, nese gume afiado do medio da vida que convida a ollar a existencia cun aceno oscilante entre o agradecemento cálido e o frío escepticismo, só podía espertar unha fonda complicidade. Talvez por iso se tenta desterrar esa imaxe que se adoita representar de muller triste e escura, avellentada, vestida de negro, metida na casa e mirando pola fiestra, melan-

cólica, nun día de choiva. Porque o certo é que Rosalía non foi nunca vella. Morreu con corenta e oito anos nunha casa chea de nenos, sentindo ao seu redor risas de xogos e a luz cegadora do verán estalando na fiestra. A imaxe dunha escritora solitaria, frustrada e illada só se sostén poñendo a lupa sobre a súa produción poética última e ignorando con teimosía toda a rede de relacións que sen dúbida a amparaba desde moza, pois formaba parte dunha familia unida, cuns quince curmáns da súa xeración que se xuntaban asiduamente, que compartiron actividades xuvenís, amizades, faladoiros de salón e longos paseos campestres, que vivían preto algunhas tempadas ou que se acollían uns nas casas dos outros cando conviña, que probablemente compartían afeccións, intereses, ideais e relacións sociais. E certamente a rede familiar ampliábase con outros parentes e amigos que puxeron a escritora en contacto cos estudantes revolucionarios de Santiago, conformando no seu espírito mozo uns ideais e unhas lealdades que non abandonarían nunca. Así que Rosalía de Castro é talvez, nos seus últimos anos, unha escéptica que apenas se atreve a confiar nas posibilidades dun mundo mellor, pero tamén é a adolescente rebuldeira que declama versos pícaros ou melodramáticos no salón do Liceo de Santiago, a rapaciña de quince anos que toca na guitarra unha barcarola mentres a nai está de faladoiro cos amigos, a rapaza atrevida que percorre as rúas de Madrid entre o balbordo das revoltas populares, a moza bohemia que dorme nun catre no medio da imprenta co seu home mentres deixa a filla ao coidado da nai, a que se ergue no medio da noite co pelo revoltado para escribir uns versos de urxencia que lle piden uns exaltados para calquera causa, a que cantaruxa versos no xardín duns parentes buscando a palabra exacta mentres a nena pequena xoga na terra... Ro-

salía é unha moza, unha moza rebelde e libre, que sabe que ten un don e unha paixón, e decide utilizalos para defender os marxinados e as vítimas da Historia.

Ten só dezanove anos cando publica *La flor*. Vinte e un cando sae *La hija del mar*. Vinte e tres cando se mergulla no furacán sentimental que retrata con irritación antirromántica en *Flavio*. Vinte e seis cando desafia a sociedade do seu tempo co seu libro de *Cantares gallegos*. E de aí para diante segue escribindo e publicando regularmente, meténdose nun desafío tras outro, facendo crónicas das súas observacións da actualidade que provocan airadas protestas e grandes polémicas, sen acomodarse nin repetirse, e así ata os últimos anos de enfermidade, en que traballa en *El primer loco* coa gran metáfora do tolo autocompracente coa súa dor absurda, xerada pola fantasía dun amor imaxinado que a ninguén importa, e incapaz de canalizar a súa enerxía cara ao traballo construtivo polo ben común. E quen saiba ler xa pode entender, porque os protagonistas rosalianos, coma os do seu admirado Lermontov, non sempre son modelos que seguir, por moito que se comprenda o seu sufrimento. Por fin, Rosalía é tamén a escritora compulsiva que, mesmo cando a dor física xa o invade todo, non pode deixar de plasmar na escrita ideas e sentimentos; é unha profesional que segue configurando proxectos ata os seus últimos días.

O que se presenta neste primeiro volume son as orixes familiares e os anos de mocidade desta muller sorprendente, formada na práctica da dicción teatral e na reflexión desde unha contorna íntima de gran predominio feminino, rodeada de compañeiros namorados das artes da palabra e decididos a empregala como arma de futuro. Seguirémola na súa aposta pola vida na capital, onde confluía a mocidade de todo o país que decidía intentar vivir da pluma, e

nas viraxes que lle impuxo o destino. Na súa resistencia polo camiño da creación nun tempo de ideais e na aprendizaxe coas primeiras espiñas da vida, véndose obrigada a regresar a Compostela coa carga dunhas responsabilidades familiares que lle fan reconsiderar o rumbo.

Seguindo o seu percorrido biográfico, unha querería non afastarse nunca dela para seguir aprendendo da súa actitude vital, da súa lucidez e da súa capacidade para moldear as palabras e crear con elas olladas intelixentes e novas formas. Aínda máis adiante observando de preto a muller madura, xa consciente de que o seu tempo acaba, resulta insolente e retardora a súa reivindicación orgullosa da propia dor como logro inalienable que xa ninguén lle pode arrebatarse, como unha posesión definitiva que a ergue triunfante fronte ao seu destino tráxico. Non era esa a grandeza dos nobres personaxes da traxedia? Rosalía como personaxe non ten sombras e a súa dor, no centro da escena, é catártica. Durante o tempo de realizar este traballo preséntaseme sempre elevada nuns estraños coturnos que a proxeccionan coa dignidade de quen loita contra a inxustiza e os desvaríos do poder, e case nunca o seu rostro me pareceu bañado polas bágoas, por moito que deu expresión estética a durísimas experiencias e reflexións. Verémola sempre secura como quen sabe ben das miserias do mundo e non espera nada, pero cunha calma vixiante, sempre preparada para a loita e para a protesta, “porque o silencio é a morte”. A súa existencia foi, e segue sendo, un intenso punto de luz, e a súa obra non transloce unha Rosalía chorosa, senón indignada. Non é ela quen chora, senón os que escoitamos a súa mensaxe, porque as palabras nas súas mans cárganse da maxia que esperta as emocións e descóbrenos o fondo da nosa propia alma.

Neste percorrido encontrei mans amigas que me apartaron as pedras do camiño e me achegaron provisións de ánimo e confianza, por iso maniféstolles aquí o máis sincero agradecemento: teño que recoñecerlle de maneira moi especial a Helena González a paciencia e o entusiasmo para aturar as miñas dúbidas, conxecturas ou febres pasa-xeiras, pero sobre todo para ler con atención e rigor facendo correccións e achegas sempre atinadas. A Xavier Lama e Malores Villanueva por botarme unha man para recadar materiais aos que non podía acceder nalgún momento. Né-lida Cosme, Xacobe Caridad Martínez, Mercedes Fernández-Couto e todo o persoal do arquivo da RAG polas facilidade para acceder a documentos alí custodiados e o envío de materiais dixitalizados, así como a María Victoria Roca, do Arquivo da Deputación da Coruña. A Ánxeles Balsa por compartir comigo o seu traballo coas imaxes rosalianas. De novo a Helena González, xunto con María do Cebreiro Rábade, por compartir comigo outros proxectos e conversas rosalianas. E sobre todo a Víctor F. Freixanes, auténtico forxador deste proxecto, por crer en min, polo diálogo, as correccións e a paciente espera.